



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

16 de xuño de 2011

METEOROLOXÍA

Durante os últimos días as temperaturas foron máis ben moderadas, intercalándose os claros coa atmosfera anubrada, aparecendo incluso durante os días 12 a 14 de xuño precipitacións de carácter feble en moitas zonas de Galicia.

Previsión: as próximos datas a meteoroloxía se mantendrá parecida a estes dos últimos días, con temperaturas moderadas e baixa posibilidade de precipitacións, aínda que sen descartarse, e ventos de carácter moderado.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

K - L (uva tamaño chícharo - peche de acio)

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Debido ás escasas ou nulas precipitacións durante as últimas semanas apenas se observan síntomas da enfermidade nos viñedos; sen embargo, as precipitacións que se produciron durante os últimos días reactivarán un novo ciclo de mildeu na súa forma larvada debido as novas condicións de infección.



Acio con síntomas de mildeu larvado en uva



Acio con síntomas de oídio en uva

Oídio (*Uncinula necator*)

A baixada de temperaturas máis os tratamentos recomendados para o control da enfermidade, facilitaron a práctica ausencia de síntomas do fungo na meirande parte dos viñedos.



Polilla dos acios (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

Aumento considerable dos voos e comezo da oviposición.

Mosquito verde (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*)

Mantense a presenza da praga, aínda que en menores porcentaxes que as semanas pasadas, polo que non se estima necesario o control fitosanitario de momento.

Ácaros (*Calepitrimerus vitis* e *Panonychus ulmi*)

Durante a última semana apréciase aumento das poboacións de ácaros en xeral, tanto da acaríose (*Calepitrimerus vitis*) como da araña roxa (*Panonychus ulmi*). Á vez, tamén obsérvase un aumento dos predadores naturais, principalmente fitoseidos e orius.



Recomendacións

Nos viñedos en que se realizou o último tratamento para o control de **mildeu** con anterioridade ao 9 de xuño, deberase renovar para evitar a aparición de síntomas de mildeu.

No caso de ter seguido as recomendacións dadas no anterior boletín, aqueles viñedos nos que se tratou entre os días 13 e 16 de xuño, detívose o ciclo do **mildeu** no momento ideal, en que as condicións de infección eran óptimas, polo que non é necesario que renoven o tratamento polo momento.

Nas situacións intermedias ás descritas (viñedos que realizaron o último tratamento entre o 10 e 12 de xuño), prevalece a necesidade de tratar como máximo aos 9 días dende o último tratamento realizado, tendo en conta a previsión de humidade relativa e temperaturas medias do período. As materias activas recomendadas neste momento son as de acción penetrante. Manter vixiada a enfermidade.

Xunto co anterior tratamento deberase aplicar un fungicida para o control de **oidio**. En viñedos sen síntomas da enfermidade recoméndase o xofre mollable pois frea tamén o desenvolvemento dos ácaros.

Por outro lado compre realizar un mostreo sobre 100 follas aproximadamente, para **determinar o porcentaxe de ácaros en folla**, así como de depredadores naturais, e, en función dos porcentaxes, avaliar a necesidade de tratamentos acaricidas durante as



segue VIÑEDO

próximas datas.

Tamén hai que estar pendentes do **número de capturas de adultos de polilla nas trampas delta e dos porcentaxes de acios con presenza da praga**, que neste momento pódese observar en fase de posta sobre estes, para avaliar a necesidade dun tratamento fitosanitario nas próximas datas, ao igual que no caso dos ácaros.



Posta de polilla no exterior da uva

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

Predomina o estado **K** - bago de tamaño chícharo.



Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Debido ás baixas temperaturas, especialmente as nocturnas, non se produciron novas reinfeccións provocadas polo **mildeu** (*Plasmopora viticola*), xa que a combinación das baixas temperaturas e a renovación dos tratamentos logrou frenar o avance da enfermidade.

No caso do **black-rot** (*Guignardia bidwellii*) a situación é a contraria, xa que as baixas temperaturas e a humectación da masa foliar provocaron novas reinfeccións que afectaron aos acios, provocando a súa momificación. Os ataques localizáronse, de xeito xeral, no entorno do núcleo de Ribadavia e en varias parroquias de Arnoia, sen danos que poideran comprometer a colleita pero que obrigan a

aplicar produtos fitosanitarios para frenar o avance da enfermidade.

Do mesmo xeito, as condicións meteorolóxicas foron favorables para o avance do **oídio** (*Uncinula necator*), producíndose o ataque do fungo coa presenza do po de cor branco – cinza, característico en follas e en acios, sen que se produciran danos de importancia.





segue VIÑEDO

Seguen aparecendo, de xeito puntual, síntomas da presenza de **mosquito verde** (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*), que no caso de cepas débiles, con pouca masa foliar, pode provocar danos de importancia.

Seguen identificándose cepas cos síntomas en folla da **iesca**, enfermidade da madeira que se transmite facilmente a través das ferramentas de poda e que acaba por matar as cepas. Para o seu control débense marcar todas as plantas que presenten os síntomas característicos desta enfermidade para tratalas de xeito diferenciado e así impedir a transmisión da enfermidade nas parcelas afectadas.



Danos provocados por **mosquito verde**

Recomendacións da semana

Débese manter a vixilancia do cultivo xa que as condicións son moi favorables para o desenvolvemento de enfermidades fúnxicas, especialmente **oídio** e **black rot**. É moi importante renovar os tratamentos de carácter preventivo contra estes fungos, recurrido a materias activas de contacto que se renovarán cando se produzan precipitacións, xa que as chuvias lavan os produtos.

No caso de ataques de intensidade moderada ou forte de **black-rot**, é recomendable recurrir a materias activas específicas para este fungo, como miclobutanil ou azoxistrobín para frenar o avance desta enfermidade.

Para os ataques de **oídio** recurrirase ás materias activas autorizadas para este fungo, coa consideración de que a aplicación de xofre en po ou mollable ten efecto acaricida.

En canto ao **mosquito verde**, recurrirase á aplicación de insecticidas para o seu control cando se aprecien danos en folla pola súa actividade.

Por outro lado, débese continuar coas labores de enramado e despuntado para facilitar o desenvolvemento do cultivo, así como o corte da herba para evitar a proliferación de patóxenos e a competencia co propio cultivo.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

K - L (bago de tamaño chícharo - peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Mantense a aparición de manchas de **mildeu**, favorecida polos orballos matinais, e **black-rot** en folla, que están sendo controladas sen problemas. Tamén se localizaron, de xeito illado, síntomas da presenza de **oídio**.

Apareceron novos síntomas provocados pola presenza de **ácaros** e tamén se incrementou a actividade do **mosquito verde**, sen que supoñan riscos para a evolución do cultivo.

Recomendacións

Débese renovar os tratamentos contra **mildeu** seguindo as indicacións dadas para a DO Ribeiro. No caso de que se produzan danos na masa foliar provocados pola presenza de **mosquito verde**, haberá que tratar con materias activas autorizadas.



segue VIÑEDO

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

En zonas elevadas, como Seadur, concello de Larouco, predomina o estado **J** – callado, e en zonas baixas predomina o estado **K** - bago de tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Seguen aparecendo síntomas da presenza de **mildeu**, sen que se produciran danos de importancia.

Non se apreciaron novos síntomas de **black-rot**, polo que os tratamentos aplicados conseguiron frenar o avance da enfermidade.

Seguen aparecendo síntomas en folla provocados pola **acariose** que non supoñen riscos para o desenrolo do cultivo.

Recomendacións da semana

Débese manter a vixilancia do cultivo renovando os tratamentos contra o **mildeu** a base de materias activas de contacto.

A aplicación de xofre en po ou mollable manterá o control do **oídio** e da **acariose**.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

Desde o estado **J** - callado ata o estado **K** - bago de tamaño chícharo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Seguen aparecendo síntomas de novos ataques de **mildeu**, especialmente en parcelas con sistemas de condución en vaso debido a escasa aireación das cepas.

Non se apreciaron outros síntomas que supoñan riscos para a evolución do cultivo.

Recomendacións da semana

Convén manter a vixilancia do cultivo, especialmente para controlar o avance de **mildeu**. De xeito xeral, adoptaranse as mesmas recomendacións que para O Ribeiro.

KIWI

No cultivo mantéñense as mesmas observacións e rocomendacións que se indicaron no anterior boletín fitosanitario do 9 de xuño, con especial atención as bacterioses e fungos da madeira.



PATACA

IXP Pataca de Galicia - A Limia

Fenoloxía

Predomina o estado de tuberización.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Seguen detectándose síntomas en folla de **mildeu** que, puntualmente, son de importancia nas parcelas co ciclo máis adiantado.

Tamén seguen aparecendo exemplares de **escaravello** que non representan riscos para o desenrolo do cultivo.

Recomendacións

Débese manter o cultivo permanentemente vixilado. Nas parcelas con forte presión de **mildeu** convén aplicar m. activas de carácter penetrante para frenar o avance da enfermidade.

No resto de parcelas aplicaranse tratamentos preventivos con m. activas de carácter sistémico e/ou de contacto, renovando estes tratamentos mentras as condicións meteorolóxicas se manteñan favorables para o desenrolo do **mildeu**.

Nas parcelas con presenza de **escaravello** renovaranse os tratamentos para eliminar esta praga, que ata o momento non supón ningún risco fitosanitario.

En relación a estes tratamentos convén subliñar que algunhas das materias activas autorizadas contra o escaravello están clasificadas como moi perigosas contra as abellas, insecto cuxa poboación está mermando de xeito alarmante nos últimos anos, polo que desde este servizo reclamamos a atención do agricultor para considerar este feito cando elixan o insecticidaa aplicar e as condicións da súa aplicación.



Estado fenolóxico do cultivo na Limia



Síntomas de mildeu en folla de pataca



Larvas de escaravello da pataca



[segue PATACA](#)

IXP Pataca de Galicia – Terra Chá

Fenoloxía

Entre o estado de floración e inicio de tuberización.

Incidencias fitopatolóxicas destacables

Seguen detectándose exemplares de **escaravello**, larvas e adultos, que obrigan a aplicar insecticidas para o seu control.

Recomendacións

Débense renovar os tratamentos de carácter preventivo contra **mildeu** e tamén os tratamentos para controlar o **escaravello**.

IXP Pataca de Galicia – Bergantiños

Fenoloxía

Predomina o estado de inicio de tuberización.

Incidencias fitopatolóxicas destacables

Seguen detectándose exemplares de **escaravello**, principalmente adultos. Non se apreciaron danos por **mildeu**.

Recomendacións

Manter vixilado o cultivo renovando os tratamentos de carácter preventivo contra **mildeu**. Nas parcelas con presenza de larvas de **escaravello**, aplicarase un tratamento insecticida.

HORTA

Polilla do tomate (*Tuta absoluta*)

Mantense un elevado nº de capturas do insecto (100-200 semana), observándose xa algunhas galerías en plantas e froitos.

Con este nivel de capturas tan elevado recoméndase manter o control da praga mediante:

- **Loita biolóxica:** *Macrolophus caliginosus* e *Nesidiocoris tenuis*.
- **Fitosanitarios preventivos** (capturas de adultos en trampas e baixa presenza de galerías no cultivo): azufre en espolvoreo (repelente), *Bacillus thuringiensis*, azadiractina, abamectina, etc.



Danos por *Tuta absoluta* en folla e froito

- **Fitosanitarios específicos** (moitas prantas con presenza de galerías): clorantraniliprol (max. 2 tratamentos campaña), emamectina, flubendiamida (so en invernadeiro e max 2 tratamentos/campaña), indosacarb, spinosad (max. 3 tratamentos/campaña), abamectina (max. 3 tratamentos/campaña).
Ao ser un insecto de hábitos



crepusculares-nocturnos, recoméndase realizar os tratamentos a última hora da xornada, alternar materias activas e, en cultivos ao abrigo, manter o invernadoiro sempre "pechado" con mallas en ventilación de 10x 20 fíos/cm2.

Zona de Herbón – Padrón: pemento

Fenoloxía

Estase en plena produción e a pleno rendemento. Ao aire libre o estado fenolóxico é de floración.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas e recomendacións

Aparecen ataques de pulgón en plantas e focos localizados, recomendándose tratamentos localizados, e non xerais, con produtos compatibles co control biolóxico e solta de *A.colemani* e *L.testaceipes*.

En cano ao resultado do seguimento con placas cromatográficas, non hai incidencias reseñables a destacar, aunque detéctase a presenza de **Trips**.

No caso das enfermidades, como a **oidiopsis**, estanse controlando moi bien coa mellora das condicións dos invernadoiros e coa utilización de xofre (80%) eou flutriafol.

Ter en conta aplicar produtos con moi curto p.s.

Mantéñense as soltas de reforzo das segundas no control biolóxico de artrópodos parásitos. Nalgunhos casos pásase xa a terceira: *Orius laevigatus* e *Aphidius colemani*.

MAZÁ DE MESA

Incidencias fitopatolóxicas e recomendacións

Continuamos esta semana en época de risco para enfermidades fúnxicas, como **moteado** (*Venturia inaequalis*) e **oidio** (*Podosphaera leucotricha*). Á baixada da temperatura engádese o aumento da humidade, favorecendo esta situación o desenvolvemento de enfermidades.

Respecto ás pragas, o **verme da mazá** (*Cydia pomonella*) continúa estable con 2 capturas de adultos macho nas trampas de monitoreo. Fiel reflexo da situación climática que estamos vivindo.

O ataque, en brotes, de **pulgón verde** (*Aphis pomi*) é relativamente puntual. En canto ao **pulgón laníxero** (*Eriosoma lanigerum*) segue a incrementarse, sobre todo en variedades sensibles e as non enxertadas en patróns da serie Maling

O tratamento feito a semana pasada a base dun fungicida sistémico, contra moteado e oidio, aínda mantén protexidas as maceiras contra estas enfermidades.

En canto ao **verme** (*Cydia pomonella*), é importante estar atento á curva de voo pois nas próximas semanas terá lugar o máximo da 1ª xeración.

A partir de agora, mes de xuño, é importante de cara a ter unha froita con mínimos residuos na colleita, o uso de produtos fitosanitarios máis inócuos, distanciando tratamentos e tratar en función da información dos boletíns de avisos.



Eriosoma lanigerum un brote do ano